

De mais de 200 m ²	500,00 €
De celebracións	1.500,00 €
— Supermercados	
Ata 1.000 m ²	900,00 €
De 1.001 m ² a 2.000 m ²	2.150,00 €
De 2.001 m ² ata 4000 m ²	4.300,00 €
De máis de 4.000 m ²	5.700,00 €
— Círculos e Clubs	
Con restaurante e/ou cafetería	300,00 €
Os demais	120,00 €
— Salas de Cine	220,00 €
— Entidades Financeiras	700,00 €
— Xestorías, Aseguradoras, inmobiliarias, Rexistro da Propiedade e Notarías	
Ata 100 m ²	100,00 €
Máis de 100 m ²	200,00 €
— Despachos profesionais	95,00 €
— Locais de asociacións, Org. Políticos, sindicais, sectoriais, relixiosos ..	100,00 €
— Farmacias, parafarmacias e similares	200,00 €
— Gasolineiras	
Ata dous surtidores	250,00-€
Máis de dous surtidores	500,00 €
Área de Servicio	1.990,00 €
— Tanatorios	500,00 €
— Ultramarinos, froiterías, panaderías, carnicerías alimentación en xeral ..	300,00 €
— Almacéns, ferraxerías e análogos	
Ata 200 m ²	150,00 €
Máis de 200 m ²	300 €
— Industrias, fábricas, talleres de reparación de automóviles, serraderos, venda de maquinaria e similares.	
Ata 100 m ²	175,00 €
De 101 m ² a 500 m ²	280,00 €
De 501 m ² a 1.500 m ²	500,00 €
De máis de 1.501 m ²	2.020,20 €
— Comercios retailistas, establecementos e toda clase de instalacións de carácter público ou privado non comprendidos en conceptos anteriores.	
Ata 90 m ²	100,00 €
Máis de 90 m ²	150,00 €
— Por cada posto fixo de venda en Mercados Municipais e galerías de alimentación. (NOTA: a concorrencia dun ou máis postos xuntos no mesmo Mercado, adicados á venda de produtos iguais, implicará a tributación polo 2º e seguintes da metade da tarifa):	40,32 euros.”

1. F) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES (IBI).

“Modifícanse os artigos 2º e 4º, e polo tanto queda redactada da seguinte maneira:

ARTIGO 2º

1.—O tipo de gravame do Imposto sobre os bens inmo-
bles queda fixado:

- No 0,60 para os bens de natureza urbana
- No 0,56 para os bens de natureza rústica
- No 0,60 para os bens de características especiais.

ARTIGO 4º

Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual e na que estean empadroados, sempre que o seu valor catastral non supere os 50.000 €, coas seguintes características:

- Titulares de familia numerosa categoría xeral: 10%
- Titulares de familia numerosa categoría especial: 20%

Para a aplicación das bonificacións será requisito imprescindible a solicitude do interesado, que deberá acreditar:

- a) O empadramento na vivenda obxecto de solicitude dos membros da unidade familiar.
- b) A condición e categoría de familia numerosa, por medio do titula oficial.

Cada ano posterior, e con anterioridade ao transcurso dun mes dende a finalización do período de exposición pública do padrón do imposto, deberá comunicarse ao Concello, mediante un escrito dirixido ao Ilmo. Sr. Alcalde, o mantemento das condicións esixidas ou as variacións das circunstancias, xunto coa copia dos xustificantes necesarios. A falta da devandita comunicación suporá a perda para ese período impositivo do beneficio fiscal.

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular.

Esta bonificación non será compatible coas demais bonificacións establecidas no presente artigo.”

1. G) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

“Modifícanse os artigos 5º e), 12º, e ANEXO,

ARTIGO 5º

e) As Entidades Xestoras da Seguranza Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas na Lei 30/1995, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.

ARTICULO 12º

12º-A.—Nos supostos de expropiacións forzosas, as porcentaxes anuais contidas no Anexo desta Ordenanza aplicaranse sobre a parte do xustiprezo que corresponda ao valor do terreo, salvo que o valor definido no artigo 9º, fose inferior, neste caso prevalecerá este último sobre o xustiprezo.

ANEXO

1º. A porcentaxe anual para os incrementos do valor xerados en períodos quinquenais será o seguinte:

- a) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo comprendido entre un e cinco anos, o 2,8%.
 - b) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata dez anos, o 2,7%.
 - c) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata quince anos, o 2,6%.
 - d) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata vinte anos, o 2,5%.
- 2º. Para a fixación da cota, aplicarase sobre a base que resulte
- a) Se o período de xeración do incremento de valor é de 1 a 5 anos, o 25%
 - b) Se o período de xeración do incremento de valor é de ata 10 anos, o 24%
 - c) Se o período de xeración do incremento de valor é de ata 15 anos, o 23%
 - d) Se o período de xeración do incremento de valor é de ata 20 anos, o 22%”

1. H) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

“Modifícase a Disposición final e o ANEXO; engádeselle o Artigo 5º, e suprímese a Disposición Transitoria, quedando polo tanto da seguinte maneira:

ARTIGO 5º.—EXENCIONES E BONIFICACIONES

- 1.—Estarán exentos do Imposto: